



Resolución do 9 de novembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se modifica a Resolución do 5 de novembro de 2020 e se aproba o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de fútbol (590701).

Por unha Resolución do 19 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de fútbol (590701).

Por unha Resolución do 5 de novembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de fútbol (590701).

Na base oitava da Resolución do 19 de outubro de 2020, no que atinxe ao baremo aplicable establécese o seguinte:

*“En aplicación da disposición transitoria segunda do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (Resolución do 8 de outubro de 2020-Diario Oficial de Galicia núm. 209 do 16 de outubro), o **baremo aplicable para a presente convocatoria é a nota media do expediente académico da titulación alegada para a incorporación a lista da especialidade a que se opta e para tal fin, as persoas participantes deberán achegar certificación académica persoal orixinal ou copia, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, coa especificación de que se aboaron as taxas para a expedición do título de coa indicación expresa da nota media.**”*

Tendo en conta que no baremo provisional publicado pola Resolución do 5 de novembro de 2020, se aplicou como orde de prioridade posuír tamén a formación pedagóxica e didáctica á que se refire o artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación cando iso non era requisito establecido na convocatoria, motivo polo cal procede publicar o baremo provisional atendendo a dita circunstancia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de fútbol (590701), consonte ao establecido na base oitava da resolución de convocatoria deixando sen efecto o publicado pola resolución do 5 de novembro de 2020.

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal do baremo provisional indicado no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base quinta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. Non se admitirán as alegacións formuladas por correo electrónico.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

